

Adxectivos cualificativos

Os **adxectivos cualificativos** son palabras que indican calidades ou características do nome ao que acompañan.

Poden expresar esas calidades de maneira gradual; por iso, os adxectivos cualificativos teñen tres graos:

- 1 Positivo.** Cítase a calidade, sen ningunha modificación: *Sabela mercou un móbil caro.*
- 2 Comparativo.** Compárase a calidade coa doutro ser ou obxecto: *Sabela mercou un móbil máis caro có de Filipe.*

A comparación pode ser de **igualdade**, **superioridade** ou **inferioridade**.

Comparativo de...	Fórmase con...	
Igualdade	tan + adxectivo + coma/como	
Superioridade	máis + adxectivo	+ ca/que/do que
Inferioridade	menos + adxectivo	

Normas para elixir a partícula comparativa adecuada:

Nartículas	Úsanse...	Exemplos
coma, ca	antes dos pronomes <i>min, ti, el/ela, nós, vós, eles/elas</i> .	É tan alto <u>coma</u> min. É máis/menos alto <u>ca</u> ti.
como, do que	antes dos verbos <i>conxugados</i> .	É tan alto <u>como</u> dicías. É máis/menos alto <u>do que</u> dicías.
como/coma ca/que	<i>nos demais casos</i> .	É tan alto <u>como/coma</u> Luís. É máis/menos alto <u>ca/que</u> Luís.

- 3 Superlativo.** Exprésase a calidade no seu nivel máis alto:

Sabela mercou o móbil máis caro do mercado.

Sabela mercou un móbil carísimo/moi caro/ben caro...

O superlativo é **relativo** se expresa unha calidade moi alta en relación coa doutros substantivos.

O superlativo é **absoluto** se expresa a calidade no seu grao máis alto, sen comparala coa doutros nomes.

Superlativo...	Fórmase con...
Relativo	<i>o máis/a máis/os máis/as máis</i> + adxectivo + <i>de</i>
Absoluto	adxectivo + sufixo <i>-ísimo</i> ; <i>moi/ben</i> + adxectivo